

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

21046 *Real decreto 2004/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de pagamentos á conta, o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, en materia de obrigacións formais, e se establecen para 2010 novos prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido.*

O Real decreto lei 2/2008, do 21 de abril, de medidas de impulso á actividade económica, introduciu unha nova dedución na cota líquida do imposto sobre a renda das persoas físicas de ata 400 euros aplicable aos contribuíntes que obtivesen rendementos do traballo ou de actividades económicas.

Posteriormente, o Real decreto 861/2008, do 23 de maio, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de pagamentos á conta sobre os rendementos do traballo e de actividades económicas, realizou as modificacións necesarias no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, para que a nova dedución minorase o importe dos pagamentos á conta que deben efectuar os seus beneficiarios.

O mantemento da citada dedución a partir do período impositivo 2010 só para os contribuíntes de rendas baixas obriga a efectuar as modificacións correspondentes no Regulamento do imposto para introducir as novas regras que permitan determinar o importe das retencións que se practicarán aos perceptores de rendementos do traballo e os pagamentos fraccionados que efectuarán os empresarios e profesionais. Ademais, incorpóranse ao texto regulamentario os novos tipos de retención aprobados para o ano 2010.

Por outra parte, modifícase o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e establécense para o ano 2010 os novos prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido.

O real decreto estrutúrase en dous artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira.

O artigo primeiro modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

En primeiro lugar, introdúcese diversos cambios no procedemento xeral para determinar o importe da retención, de forma que se tome en consideración a supresión gradual da citada dedución. Para tal efecto, introdúcese un novo artigo 85 bis no Regulamento do imposto co obxecto de determinar o importe da dedución por obtención de rendementos do traballo. Como consecuencia do anterior, modifícase o artigo 81.1 do Regulamento do imposto para establecer os novos límites excluínates da obriga de reter, e os artigos, 85.3, 86.1 e 87.3 do Regulamento do imposto, que se remiten ao novo importe da dedución anteriormente indicado.

En segundo lugar, modifícanse os artigos 90.1, 96, 99, 100 e 101.2 do Regulamento do imposto como consecuencia da elevación legal do 18 ao 19 por cento do tipo de retención aplicable aos rendementos do capital mobiliario, ás ganancias patrimoniais suxeitas a retención, ao arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos e a outras rendas a que se refire o artigo 75.2.b) deste regulamento, así como o artigo 107 do Regulamento do imposto, que establece o tipo do ingreso á conta que se debe practicar no, suposto recollido polo número 8 do artigo 92 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

En terceiro lugar, modifícase o artigo 110 do Regulamento do imposto para adaptar o cálculo dos pagamentos fraccionados que efectuarán os empresarios e profesionais ao novo importe da dedución por obtención de rendementos do traballo e de actividades económicas.

Para a realización das citadas modificacións dispónse da oportuna habilitación contida nos artigos 92.8, 99.7, 101.1 e disposición derradeira sétima da indicada Lei 35/2006.

O artigo segundo modifica o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos co obxecto de facilitar aos obrigados tributarios o cumprimento das súas obrigas, ampliándose, mediante este real decreto, a obriga que recae sobre as entidades intervenientes no financiamento de bens inmobles, de informar a Administración tributaria sobre as cantidades percibidas do prestameiro tamén en concepto doutros gastos derivados do financiamento, á marxe dos xuros. Por outra parte, posponse ata o ano 2012, para todos os suxeitos pasivos que non estean inscritos no rexistro de devolución mensual do imposto sobre o valor engadido ou do imposto xeral indirecto canario, a entrada en vigor da obriga de presentar electronicamente a información dos libros-rexistro destes impostos contida no artigo 36 do citado regulamento.

A través da disposición adicional única establécese unha modificación na obriga de informar acerca de préstamos e créditos que vincula as entidades que se dedican ao tráfico bancario ou crediticio, de forma que só terán que informar, para o ano 2009, respecto dos saldos a que se refire esta obriga cando a súa contía sexa superior a 6.000 euros.

Por último, tendo en conta que a orde ministerial pola cal se desenvolven para o ano 2010 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido se publicará unha vez iniciado o exercicio 2010, cómpre establecer un prazo especial de renuncias ou revogacións co fin de que os suxeitos pasivos destes impostos poidan optar pola aplicación do disposto na citada orde unha vez que esta se publique.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo:

Un. O número 1 do artigo 81 queda redactado da seguinte forma:

«1. Non se practicará retención sobre os rendementos do traballo cuxa contía, determinada segundo o previsto no artigo 83.2 deste regulamento, non supere o importe anual establecido no cadro seguinte en función do número de fillos e outros descendentes e da situación do contribuínte:

Situación do contribuínte	Número de fillos e outros descendentes		
	0 – Euros	1 – Euros	2 ou máis – Euros
1. ^a Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente.	–	13.662	15.617
2. ^a Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas.	13.335	14.774	16.952
3. ^a Outras situacións	11.162	11.888	12.519

Para os efectos da aplicación do previsto no cadro anterior, enténdese por fillos e outros descendentes aqueles que dan dereito ao mínimo por descendentes previsto no artigo 58 da Lei do imposto.

En canto á situación do contribuínte, esta poderá ser unha das tres seguintes:

1.^a Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente. Trátase do contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente con descendentes, cando teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei de imposto para unidades familiares monoparentais.

2.^a Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas. Trátase do contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe non obteña rendas anuais superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

3.^a Outras situacións, que inclúe as seguintes:

a) O contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

b) O contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente, sen descendentes ou con descendentes ao seu cargo cando, neste último caso, non teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei do imposto, por darse a circunstancia de convivencia a que se refire o parágrafo segundo do dito punto.

c) Os contribuíntes que non manifesten estar en ningunha das situacións 1.^a e 2.^a anteriores.»

Dous. O número 3 do artigo 85 queda redactado da seguinte forma:

«3. Cando o contribuínte obteña unha contía total de retribución, á cal se refire o artigo 83.2 deste regulamento, non superior a 22.000 euros anuais, a cota de retención, calculada de acordo co previsto nos puntos anteriores, terá como límite máximo o resultado de sumar á contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento o importe resultante de aplicar a porcentaxe do 43 por cento á diferenza positiva entre o importe da contía total de retribución e o que corresponda, segundo a súa situación, dos mínimos excluídos de retención previstos no artigo 81 deste regulamento.»

Tres. Introdúcese un novo artigo 85 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 85 bis. *Dedución por obtención de rendementos do traballo para calcular o tipo de retención.*

A dedución por obtención de rendementos do traballo para calcular o tipo de retención determinarase de acordo co disposto no número 1 artigo 80 bis da Lei do imposto. Para o cómputo desta dedución, o pagador deberá ter en conta a base para calcular o tipo de retención en lugar da base imponible do imposto.»

Catro. O número 1 do artigo 86 queda redactado da seguinte forma:

«1. O tipo de retención, que se expresará con dous decimais, obterase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividir a diferenza positiva entre o importe previo da retención e a contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento, pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento.

Entenderase por importe previo da retención o resultante de aplicar o tipo previo de retención á contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento.

O tipo previo de retención será o resultante de multiplicar por 100 o cociente obtido de dividir a cota de retención pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento e expresarase en números enteiros. Nos casos en que o tipo previo de retención non sexa un número enteiro, arredondarase por defecto se o primeiro decimal é inferior a cinco, e por exceso cando sexa igual ou superior a cinco.

Cando fose cero ou negativa a diferenza entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención, ou a diferenza entre o importe previo da retención e a contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento, o tipo de retención será cero.

Cando a contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento sexa inferior a 33.007,2 euros e o contribuínte, de acordo co disposto no artigo 88.1 deste regulamento, comunicase ao seu pagador que destina cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo polas cales vaia ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada no artigo 68.1 da Lei do imposto, o tipo de retención reducirase en dous enteiros, sen que poida resultar negativo como consecuencia de tal minoración.»

Cinco. O número 3 do artigo 87 queda redactado da seguinte forma:

«3. A regularización do tipo de retención levarase a cabo do seguinte modo:

a) Procederase a calcular un novo importe previo da retención a que se refire o artigo 86 deste regulamento, de acordo co procedemento establecido no artigo 82 deste regulamento, tendo en conta as circunstancias que motivan a regularización.

b) Este novo importe previo da retención minorarase na contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento, así como na contía das retencións e ingresos á conta practicados ata ese momento.

No suposto de se ter reducido previamente o tipo de retención por aplicación do disposto no último parágrafo do número 1 do artigo 86 deste regulamento, tomarase por contía das retencións e ingresos á conta practicados ata ese momento a que resultase de non ter tomado en consideración a dita minoración.

No suposto de contribuíntes que adquiren a súa condición por cambio de residencia, do novo importe previo da retención minorarase a contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento, e as retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda de non-residentes practicadas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia, así como as cotas satisfeitas por este imposto xeradas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia.

c) O novo tipo de retención obterase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividir a diferenza resultante da alínea b) anterior entre a contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento que resten ata o final do ano e expresarase con dous decimais.

Cando fose cero ou negativa a diferenza entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención, ou a

diferenza entre o novo importe previo da retención e a contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento, o tipo de retención será cero.

Neste caso non procederá restitución das retencións anteriormente practicadas, sen prexuízo de que o perceptor solicite posteriormente, cando proceda, a devolución de acordo co previsto na Lei do imposto.

O disposto neste parágrafo entenderase sen prexuízo dos mínimos de retención previstos no artigo 86.2 deste regulamento.

No suposto previsto no último parágrafo do número 1 do artigo 86 deste regulamento, o novo tipo de retención reducirase en dous enteiros, sen que poida resultar negativo como consecuencia de tal minoración.»

Seis. O número 1 do artigo 90 queda redactado da seguinte forma:

«1. A retención que se practicará sobre os rendementos do capital mobiliario será o resultado de lle aplicar á base de retención a porcentaxe do 19 por cento.»

Sete. O artigo 96 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 96. *Importe das retencións sobre ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo.*

A retención que se practicará sobre as ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo será o resultado de lle aplicar á base de retención a porcentaxe do 19 por cento.»

Oito. O artigo 99 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 99. *Importe das retencións sobre outras ganancias patrimoniais.*

1. A retención que se practicará sobre os premios en metálico será do 19 por cento do seu importe.

2. A retención que se practicará sobre as ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos será do 19 por cento do seu importe.»

Nove. O artigo 100 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 100. *Importe das retencións sobre arrendamentos e subarrendamentos de inmobles.*

A retención que se practicará sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplicar a porcentaxe do 19 por cento sobre todos os conceptos que se satisfagan ao arrendador, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta porcentaxe dividirase entre dous cando o inmueble urbano estea situado en Ceuta ou Melilla, nos termos previstos no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Dez. O número 2 do artigo 101 queda redactado da seguinte forma:

«2. A retención que se practicará sobre os rendementos dos restantes conceptos previstos no artigo 75.2.b) deste regulamento, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplicar o tipo de retención do 19 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos.»

Once. O artigo 107 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 107. *Ingreso á conta sobre dereitos de imaxe.*

A porcentaxe para calcular o ingreso á conta que se debe practicar no suposto recollido no punto 8 do artigo 92 da Lei do imposto, será do 19 por cento.»

Doce. O artigo 110 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 110. *Importe do fraccionamento.*

1. Os contribuíntes a que se refire o artigo anterior ingresarán, en cada prazo, as cantidades seguintes:

a) Polas actividades que estivesen no método de estimación directa, en calquera das súas modalidades, o 20 por cento do rendemento neto correspondente ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado.

Da cantidade resultante por aplicación do disposto nesta letra deduciranse os pagamentos fraccionados que, en relación con estas actividades, tería correspondido ingresar nos trimestres anteriores do mesmo ano se non se aplicase o disposto na alínea c) do número 3 deste artigo.

b) Polas actividades que estivesen no método de estimación obxectiva, o 4 por cento dos rendementos netos resultantes da aplicación deste método en función dos datos-base do primeiro día do ano a que se refire o pagamento fraccionado ou, en caso de inicio de actividades, do día en que estas comezasen.

Non obstante, no suposto de actividades que teñan só unha persoa asalariada a porcentaxe anterior será o 3 por cento, e no suposto de que non dispoña de persoal asalariado esta porcentaxe será o 2 por cento.

Cando algún dos datos-base non se puidese determinar o primeiro día do ano, tomarase, para os efectos do pagamento fraccionado, o correspondente ao ano inmediato anterior. No suposto de que non se puidese determinar ningún dato-base, o pagamento fraccionado consistirá no 2 por cento do volume de vendas ou ingresos do trimestre.

c) Tratándose de actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que fose o método de determinación do rendemento neto, o 2 por cento do volume de ingresos do trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

2. As porcentaxes sinaladas no número anterior dividiranse entre dous para as actividades económicas que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.

3. Da cantidade resultante por aplicación do disposto nos puntos anteriores, poderanse deducir, de ser o caso:

a) As retencións practicadas e os ingresos á conta efectuados correspondentes ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado, cando se trate de:

1.º Actividades profesionais que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación directa, en calquera das súas modalidades.

2.º Arrendamento de inmobles urbanos que constituía actividade económica.

3.º Cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización que constituía actividade económica, e demais rendas previstas no artigo 75.2.b) deste regulamento.

b) As retencións practicadas e os ingresos á conta efectuados conforme o disposto nos artigos 95 e 104 deste regulamento correspondentes ao trimestre, cando se trate de:

1.º Actividades económicas que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva. Non obstante, cando o importe das retencións e ingresos á conta soportados no trimestre sexa superior á cantidade resultante por aplicación do disposto nas alíneas b) e c) do número 1 anterior, así como, se é o caso, do disposto no número 2 anterior, poderá deducirse a dita diferenza en calquera dos seguintes pagamentos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo cuxo importe positivo o permita e ata o límite máximo dese importe.

2.º Actividades agrícolas, gandeiras ou forestais non incluídas no número 1.º anterior.

c) O importe obtido de dividir entre catro o importe da dedución por obtención de rendementos de actividades económicas para efectos do pagamento fraccionado a que se refire o número 5 deste artigo. Non obstante, cando ese importe sexa superior á cantidade resultante por aplicación do disposto nos números anteriores e nas alíneas a) e b) deste punto, a diferenza poderase deducir en calquera dos seguintes pagamentos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo cuxo importe positivo o permita e ata o límite máximo dese importe.

A minoración prevista nesta alínea non resultará de aplicación a partir do primeiro trimestre en que os contribuíntes perciban rendementos do traballo aos cales resulte de aplicación o procedemento xeral de retención previsto no artigo 82 deste regulamento, sempre que a contía total da retribución a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento sexa superior a 10.000 euros anuais. Así mesmo, esta minoración non resultará de aplicación a partir do primeiro trimestre en que a suma das magnitudes a que se refiren as alíneas a), b) e c) do número 5 deste artigo correspondentes ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado, sen elevación ao ano, sexa superior a 12.000 euros.

d) Cando os contribuíntes destinen cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaian ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada no artigo 68.1 da Lei do imposto, as contías que se citan a continuación:

1.º Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades que estivesen no método de estimación directa, en calquera das súas modalidades, cuxos rendementos íntegros previsibles do período impositivo sexan inferiores a 33.007,20 euros, poderase deducir o 2 por cento do rendemento neto correspondente ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado.

Para estes efectos consideraranse como rendementos íntegros previsibles do período impositivo os que resulten de elevar ao ano os rendementos íntegros correspondentes ao primeiro trimestre.

En ningún caso se poderá practicar unha dedución por importe superior a 660,14 euros en cada trimestre.

2.º Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades que estivesen no método de estimación obxectiva cuxos rendementos netos resultantes da aplicación do dito método en función dos datos-base do primeiro día do ano a que se refire o pagamento fraccionado ou, en caso de inicio de actividades, do día en que estas comezasen, sexan inferiores a 33.007,20 euros, poderase deducir o 0,5 por cento dos citados rendementos netos. Non obstante, cando non se puidese determinar ningún dato-base aplicarase a dedución prevista no número 3.º desta alínea sobre o volume de vendas ou ingresos do trimestre.

3.º Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que fose o método de determinación do rendemento neto, cuxo volume previsible de ingresos do período impositivo, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións, sexa inferior a 33.007,20 euros,

poderase deducir o 2 por cento do volume de ingresos do trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

Para estes efectos considerárase como volume previsible de ingresos do período impositivo o resultado de elevar ao ano o volume de ingresos do primeiro trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

En ningún caso se poderá practicar unha dedución por un importe acumulado no período impositivo superior a 660,14 euros.

As deducións previstas nesta alínea d) non resultarán de aplicación cando os contribuíntes exerzan dúas ou máis actividades comprendidas en ordinais distintos, nin cando perciban rendementos do traballo e efectuasen ao seu pagador a comunicación a que se refire o parágrafo segundo do artigo 88.1 deste regulamento, nin cando as cantidades se destinen á construción ou ampliación da vivenda nin a contas vivenda.

4. Os contribuíntes poderán aplicar en cada un dos pagamentos fraccionados porcentaxes superiores ás indicadas.

5. A dedución por obtención de rendementos de actividades económicas para efectos do pagamento fraccionado determinarase de acordo co disposto no número 1 artigo 80 bis da Lei do imposto, tomando, en lugar da base imponible do imposto, a suma das seguinte magnitudes:

a) Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades que estivesen no método de estimación directa, en calquera das súas modalidades, o resultado de elevar ao ano os rendementos netos do primeiro trimestre.

b) Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades que estivesen no método de estimación obxectiva, os rendementos netos resultantes da aplicación do dito método en función dos datos-base do primeiro día do ano a que se refire o pagamento fraccionado ou, en caso de inicio de actividades, do día en que estas comezasen. Cando non se puidese determinar ningún dato-base tomarase a magnitude que resulte do disposto na alínea c) seguinte.

c) Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que fose o método de determinación do rendimento neto, o resultado de elevar ao ano o 25 por 100 do volume de ingresos do primeiro trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo:

Un. Modifícase a alínea e) do artigo 54, que queda redactada da seguinte forma:

«e) Importe total do préstamo ou operación, cantidades que se satisfíxesen no ano en concepto de amortización de capital, xuros e demais gastos de financiamento.»

Dous. Modifícase o número 2 da disposición transitoria terceira, que queda redactado da seguinte forma:

«2. A obriga de informar sobre as operacións incluídas nos libros-rexistro a que se refire o artigo 36 deste regulamento, será exigible desde o 1 de xaneiro de 2009 unicamente para aqueles suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido inscritos no rexistro de devolución mensual regulado no artigo 30 do Regulamento

do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, e para aqueles suxeitos pasivos do imposto xeral indirecto canario inscritos no rexistro de devolución mensual regulado no artigo 8 do Decreto 182/1992, do 15 de decembro, polo que se aproban as normas de xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto xeral indirecto canario e a revisión dos actos ditados na súa aplicación. Para os restantes obrigados tributarios, o cumprimento desta obriga será exigible por primeira vez para a información que hai que subministrar correspondente ao ano 2012, de acordo coa forma, prazos e demais condicións para o seu cumprimento que estableza o ministro de Economía e Facenda.»

Disposición adicional única. *Obriga de informar acerca de préstamos e créditos.*

A declaración informativa anual regulada no artigo 38 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, relativa á información correspondente ao ano 2009, deberá incorporar os saldos a que aquela se refire unicamente cando estes superen o importe de 6.000 euros.

Disposición transitoria única. *Renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, ao réxime especial simplificado e ao da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido para 2010.*

1. A renuncia ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido para o ano 2010, así como a súa revogación, poderase efectuar no prazo dun mes desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da orde ministerial que regule para 2010 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

2. As renuncias ou revogacións presentadas, para o ano 2010, aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido ou ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, durante o mes de decembro de 2009, entenderanse presentadas en período hábil.

Non obstante, os suxeitos pasivos afectados polo disposto no parágrafo anterior poderán modificar a súa opción no prazo previsto no número 1 desta disposición transitoria.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2010.

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ